

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión CONSTITUTIVA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 16 de XULLO de 2015**

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2015.

No salón de sesións do pazo provincial, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezaseis de xullo de dous mil quince, coa fin de dar cumprimento ás normas sobre constitución da Deputación provincial contidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no Regulamento orgánico da Deputación provincial da Coruña, concordante neste punto co Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, reúnen os trinta e uns deputados provinciais electos tras as eleccións locais de maio de 2015 e proclamados polas sete Xuntas Electorais de Zona da provincia. Os mencionados deputados provinciais electos figuran nas relacións remitidas polas respectivas Xuntas Electorais de Zona e todos presentaron a correspondente credencial na Secretaría Xeral da Deputación. A relación por orde alfabética dos devanditos deputados e deputadas, presentes na sesión, é a seguinte:

| | |
|---|-------------------|
| D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ | PP |
| D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| D. DIEGO CALVO POUSO | PP |
| D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA | MAREA ATLÁNTICA |
| D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO | MAREA ATLÁNTICA |
| D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA | PP |
| D. MANUEL DIOS DIZ | COMPOSTELA ABERTA |
| D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO | PSOE |
| D ^a . M ^a ROCÍO FRAGA SÁENZ | MAREA ATLÁNTICA |
| D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO | BNG |
| D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL | PP |
| D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO | PP |
| D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA | PSOE |
| D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ | PP |
| D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| D. ÁNGEL GARCÍA SEOANE | ALTERNATIVA VV. |
| D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO | PSOE |
| D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS | PP |
| D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |

| | |
|---|------|
| D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN | BNG |
| D. CARLOS NEGREIRA SOUTO | PP |
| D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO | PP |
| D ^a . MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ | PP |
| D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA | PP |
| D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS | PSOE |
| D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO | PSOE |
| D. XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO | PSOE |
| D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI | BNG |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |

Actúa como secretario, o secretario xeral da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

Á vista das credenciais e da documentación presentada polos deputados e deputadas electas, determínanse as persoas que compoñen a MESA DE IDADE, que forman os deputados de maior e menor idade e que resultan ser don José García Liñares e dona Claudia Delso Carreira, respectivamente, os cales, xunto co secretario, integran a Mesa que preside o acto.

Aberta a sesión polo presidente da Mesa de Idade, o secretario xeral dá lectura ás disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento orgánico da deputación respecto ao arqueo e ao inventario do patrimonio da Corporación. Dá conta, así mesmo, de que se cumpriu o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 75.7, sobre rexistros de intereses e incompatibilidades, por canto se cubriron as correspondentes declaracións por todos os deputados e deputadas electas.

Comprobadas as credenciais, comeza a toma de posesión dos novos deputados, chámanse, en primeiro lugar, os integrantes da Mesa de Idade e logo o resto dos deputados por orde alfabética. Toman posesión do seu cargo pronunciando persoalmente a fórmula solemne: "Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", nos seguintes termos, recibindo a seguir a medalla da provincia como signo distintivo da súa nova condición de deputados e deputadas provinciais.

Sr. García Liñares

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Delso Carreira

Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado. Tamén prometo poñer a deputación ao servizo da cidadanía, cumprindo o programa e o código ético da Marea Atlántica, e os principios de transparencia, participación cidadá e promover a igualdade de xénero, os mecanismos para a súa aplicación efectiva e a lexitimidade da democracia paritaria, tamén denunciarei, como acto de responsabilidade política as situacións que contraveñan o principio de igualdade efectiva como a actual composición desta Corporación local.

Sr. Caínzos Vázquez

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Calvelo Martínez

Xuro, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Calvo Pouso

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Díaz Grandío

Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado. Tamén prometo poñer a deputación ao servizo da cidadanía, cumprindo o programa e o código ético da Marea Atlántica, e os principios de transparencia, participación cidadá e promover a igualdade de xénero, os mecanismos para a súa aplicación efectiva e a lexitimidade da democracia paritaria, tamén denunciarei, como acto de responsabilidade política as situacións que contraveñan o principio de igualdade efectiva como a actual composición desta Corporación local.

Sr. Dieste Ortigueira

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Dios Diz

Con Xoán Xesús González na memoria, e co código ético de Compostela Aberta presente, prometo, por imperativo legal, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como a declaración universal dos dereitos humanos e co desexo de que esta sexa a última Corporación da Deputación provincial.

Sr. Fernández Mouriño

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Fernández Piñeiro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sra. Fraga Sáenz

Por imperativo legal, prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado. Tamén prometo poñer a deputación ao servizo da cidadanía, cumprindo o programa e o código ético da Marea Atlántica, e os principios de transparencia, participación cidadá e promover a igualdade de xénero, os mecanismos para a súa aplicación efectiva e a lexitimidade da democracia paritaria, tamén denunciarei, como acto de responsabilidade política as situacións que contraveñan o principio de igualdade efectiva como a actual composición desta Corporación local.

Sra. Franco Pouso

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e comprométome a facelo por Xosé Iglesias Roura, memoria da época das Irmandades da Fala.

Sr. Galego Feal

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. García Cardeso

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. García García

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. García Gómez

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. García Seoane

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado, e por imperativo legal, lealdade ao Rei, eu son republicano, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. González Formoso

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Leira Piñeiro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

Sr. Muíño Espasandín

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado, por imperativo legal, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, comprometéndome así mesmo, na memoria de Gonzalo López Abente, memoria da época das Irmandades da Fala.

Sr. Negreira Souto

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Oujó Pouso

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Padín Fernández

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Parga Veiga

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Penabad Muras

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Pequeño Castro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Requeira Varela

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado, por imperativo legal, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, comprométome tamén a traballar na súa reforma en pro das máximas cotas de xustiza social polo dereito a decidir e pola máxima cota de soberanía para o pobo galego, e comprométome no nome de Lois Peña Novo, memoria das Irmandades da Fala.

Sr. Sacristán de Diego

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Sanmartín Rei

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada, e facelo por imperativo legal con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e comprométome a facelo por María Miramontes e Elvira Bao, memoria viva da época das Irmandades da Fala.

Sr. Soto Vivero

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado, e prometo por imperativo legal, lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, comprométome tamén a facer o mesmo por Ramón Vilar Ponte e Xaime Quintanilla, memoria da época das Irmandades da Fala.

Rematada a toma de posesión dos trinta e un deputados, o presidente da Mesa de Idade, don José García Liñares, DECLARA CONSTITUÍDA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O presidente da Mesa anuncia que se vai a proceder á elección de presidente da Corporación e advirte que a votación será secreta, mediante papeleta que se introducirá na urna disposta para estes efectos. Solicita dos partidos políticos representados na Corporación a designación de candidatos para o cargo.

En nome do Partido Popular, propónse como candidato a don Diego Calvo Pouso e polo Partido Socialista Obrero Español propónse como candidato a don Valentín González Formoso.

Chámanse os deputados e deputadas por orde alfabética para que depositen o seu voto na urna. Completada esta primeira votación, a Mesa efectúa o escrutinio e o seu presidente declara o seguinte resultado:

“Dun total de trinta e un votos validamente emitidos, obtivo dezaioito votos don Valentín González Formoso, don Diego Calvo Pouso obtivo trece votos. Por tanto, obtivo maioría absoluta na primeira votación e foi elixido presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Valentín González Formoso”.

O presidente da Mesa pregúntalle a don Valentín González Formoso se acepta o cargo de presidente da Deputación Provincial da Coruña. Responde afirmativamente don Valentín González Formoso e toma de inmediato posesión, pronunciando a seguinte fórmula solemne: "Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de presidente, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

O presidente da Mesa proclama, en consecuencia, a don Valentín González Formoso como presidente da Deputación Provincial da Coruña e entrégalle o bastón de mando.

O novo presidente da deputación pasa a ocupar a presidencia da sesión, á que tamén se incorpora o interventor, mentres os dous deputados provinciais que integraran a Mesa de Idade se retiran aos seus estrados.

Sr. Presidente

Bos días a todos e a todas, imos proceder a darlle a palabra aos grupos políticos presentes, empezando por Alternativa dos Veciños.

Sr. Ángel García Seoane

Moi breve, un primeiro rogo, nada máis empezar, e como sabía que aquí os Plenos eran moi rápidos, un minuto, dous minutos, no futuro creo que van levar moito máis tempo, é que o aire acondicionado desta sala se puxera a funcionar.

Hai trinta e seis anos tiven a satisfacción de entrar na Deputación provincial como deputado, sendo un rapaz, con vinte e sete anos recén cumpridos, estou orgulloso daquela etapa que cumprín no nome de Alternativa dos Veciños, xa naquel entón. Houbo un traballo importante, sendo un deputado só, foi unha tarefa importante porque grazas ao traballo que eu desenvolvín naquel entón aquí caeu aquel señor que estaba sacando moitos fondos da deputación que non se xustificaban, que non tiñan sentido, como era Rey de Viana, e despois máis tarde logrouse que se acabara con aquel monopolio que había artístico aquí na deputación, pero empecei a tarefa eu porque encomendáronma desde a deputación. E tamén marchei orgulloso do traballo de limpeza que fixen no Polígono de Sabón, que puxen case ao día o Polígono de Sabón, porque se regalaba o solo dun xeito escandaloso e había parcelas que estaban ao libre albedrío de calquera pillabán que quixera facerse con elas.

Por tanto, estou orgulloso daquel traballo e creo que vou facer aquí tamén un traballo importante, eu prometo traballar para cambiar certas políticas nesta deputación que tanto dano lle fixeron nestes últimos anos, principalmente nestes últimos catro anos, ao Concello de Oleiros. Agardo e desexo que o novo goberno, que vai contar, e de feito contou hoxe xa co apoio de Alternativa dos Veciños, que se muden esas políticas e que isto funcione doutra maneira en beneficio da comunidade, en beneficio dos veciños e sen distinción de ideoloxías, clases e partidos políticos, os independentes tamén están na política deste país.

E agradecer, xa para rematar, os máis de 14.000 cidadáns que nesta comarca da Coruña apoiaron que eu estea hoxe aquí co cargo de deputado para defender esas políticas que estaba a mencionar, especialmente os veciños de Oleiros, como non, que masivamente se entregaron a nós, despois de trinta e seis anos e dez lexislaturas, corenta anos vou levar no Concello de Oleiros, os veciños premian, eses que din, oito anos xa son moitos, cando te mandan para casa, cando o partido te cambia, ou cando tes que ir á forza, pero cando o pobo, que a democracia é o pobo, o pobo é intelixente, e eu despois de trinta e seis anos teño máis votos que nunca na historia do Concello de Oleiros, que lle pregunten ao pobo a ver se é parvo ou é intelixente. Polo tanto, a esas persoas que me votaron, a eses dez mil case de Oleiros e aos catro mil que me votaron na comarca da Coruña, veciños da Coruña, veciños de Culleredo e Arteixo, o meu agradecemento inmenso e serei fiel cumpridor das políticas que eu lles prometín cando lles pedín a súa colaboración para esa tarefa tan

importante de entrar na Deputación para mudar certas políticas. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

En nome e representación de Compostela Aberta gustaríame trasladar ao presidente electo os nosos parabéns, tamén os mellores desexos de éxito. Temos concordancia co programa político asinado entre o PSOE e o BNG, no que non tivemos a oportunidade de participar, pero que coñecemos e coincidimos en moitos dos seus aspectos, coincidimos na filosofía respecto da institución da Deputación provincial, tamén nalgunhas das medidas concretas que se propoñen, e esperamos coincidir tamén na proposta organizativa. Apoiamos hoxe a investidura, apoiaremos a gobernabilidade do goberno, e o desexo de que, díxeno na miña promesa, de que esta sexa a última Corporación da Deputación provincial, como estamos falando dunha institución, digamos, para non entrar en profundidades, cando menos anacrónica.

Compostela Aberta, en calquera caso, non descarta outras formas de participación na gobernabilidade e aceptaremos polo tanto dialogar, escoitar e, en todo caso, aseguraremos a gobernabilidade do goberno na medida en que responda ao documento asinado e que coñecemos e compartimos. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Bos días e parabéns. A Marea Atlántica puxo a súa forza dispoñible co fin de facilitar o cambio nas políticas e formas de goberno da Deputación, partindo, tamén é certo, da premisa de que baixo a nosa perspectiva as deputacións son institucións que deben repensar o seu papel no futuro próximo dentro da estrutura do Estado. O Grupo Provincial da Marea Atlántica pon a súa confianza no novo goberno, dende unha posición próxima, construtiva e transparente pero tamén vixiante na loita por unha distribución xusta e ecuánime fundamentada en criterios obxectivos que cumbran coas expectativas daqueles a quen nos debemos.

Este soporte nesta toma de constitución toma base dunhas propostas programáticas que recollen parte importante dos obxectivos que as novas formas de goberno reclamamos, sen esquecer e deixar de lado as políticas e ferramentas necesarias para loitar por un futuro, nun futuro próximo, contra situacións de desigualdade entre mulleres e homes nun marco dun desenvolvemento humano e responsable co medio, moitas grazas.

Sra. Sanmartín Rei

Amigos e amigas, quero antes de máis nada parabenizar a Valentín González Formoso, sorte e ilusión colectiva e traballo, que estou certa de que non nos han faltar para esta nova etapa.

Xa en 1931 o Partido Galeguista de Castelao e de Bóveda recollía no seu programa a supresión das deputacións provinciais. Tamén Valentín Paz Andrade, unha das dez persoas que formou parte da Comisión Negociadora da Transición, dicía que eran estruturas centralistas que se mantiveron intactas dentro da fachada

autonomista, e que había unha incompatibilidade clara entre o estado das autonomías e a existencia das institucións provinciais. Desta tradición bebe o Bloque Nacionalista Galego e é desde esta perspectiva, neste momento concreto, onde o que pretende é construír con vós, coas persoas, cos deputados e coas deputadas que aquí estades, coas forzas políticas e grupos presentes, unha nova arquitectura institucional para o país, cunha serie de ideas base que xa fomos anunciando, que xa fomos facendo públicas nos últimos días e que significan fundamentalmente a superación deste modelo, dun modelo que non responde á nosa realidade social e territorial, e que temos que facer tamén, temos que conseguir que os concellos sexan os centros das políticas e onde a Deputación realmente o que actúe sexa como un transmisor de recursos de cara aos concellos, de maneira directa, con participación, con colaboración, con diálogo, para corrixir os desequilibrios territoriais existentes e para, sobre todo, facer efectivas as políticas nos pequenos e nos medianos concellos que son os que máis o precisan, como tamén precisa, como non, o sector lácteo deste país, moitas das persoas que aquí estamos hoxe, mañá acompañaremos nas súas reivindicacións, como non podía ser doutra maneira, polo dereito a producir, polo dereito a poder ter unha vida digna na nosa terra, e queremos facer todo iso desde unha perspectiva necesaria de democratización da institución, de transparencia, porque acreditamos en que os procedementos son a propia política, e por iso temos que actualizar regulamentos e potenciar os órganos colexiados para tomar decisións colectivas, conxuntas, iso que tan difícil parece e que estamos obrigadas e obrigados e ademais contentas e contentos de facelo.

Por iso precisamos nestes momentos, e quero facer este chamamento, precisamos unha implicación de todas as forzas políticas, sobre todo das que compartides esta visión para facer unha institución nova, para rematar cunhas fórmulas obsoletas de funcionamento e conseguir unha transformación radical da Deputación, contando, como non podía ser doutra maneira, contando coa participación, coa complicidade, co conxunto do funcionariado e do persoal da Deputación que teñen que ter a certeza de que os seus dereitos laborais sempre van ser defendidos, que non se lles vai poñer por encima persoas traídas doutras administracións, porque partimos da base de que o funcionariado propio é o mellor que ten unha institución, as súas traballadoras e os seus traballadores, quen máis coñecemento e máis experiencia teñen.

Probablemente haxa quen pense que todo isto é irrealizable, e que o que temos que facer é o de sempre, e como sempre, é posible, houbo voces xa que falaron desde esa maneira, mais no BNG acreditamos en que iso non é verdade e pensamos que podemos colaborar con outras forzas políticas, facelo conxuntamente e dar exemplo de que iso non é verdade, nin o de sempre, como sempre, porque é factible con vontade, con traballo, con coherencia, con lealdade, con dignidade, mudar as cousas.

Finalmente quero facer unha última reflexión en nome do Bloque Nacionalista Galego, tamén no meu propio. A min, se me preguntasen no inicio desta andaina en que pido ilusión e confianza, cal é o elemento máis débil do colectivo que aquí estamos hoxe reunidos, cal é o elemento máis débil, moitas persoas pensan na pluralidade e na diversidade de voces, hai moitas, moitas veces non estamos afeitos, estamos afeitos a traballar con esas maiorías absolutas, e hai moitas voces diversas, para nós iso é un elemento de forza, para nós iso é un elemento positivo, as

diferenzas existentes entre as diferentes forzas que nos situamos na esquerda e no nacionalismo, non serían, nese nacionalismo de esquerdas por suposto, non son debilidades, son fortalezas. Tampouco é debilidade, pensamos, polo coñecemento, pola experiencia, pola traxectoria, o feito de arrastrar unha maquinaria que é pesada, hai un principal problema desta Corporación, que xa foi aquí posto, e máis que eu tamén quero deixar constancia, que é a escaseza de mulleres, é un elemento en que parece que fóra deste escenario si que se repara e dentro non, non sei se quizais queremos continuar a vivir noutra época, eu chamo á reflexión a todo o mundo, sei que hai dentro persoas que están dispostas a contribuír a unha transformación neste sentido, mais eu teño que solicitar desde agora mesmo, desde hoxe xa, que o conxunto da Corporación, homes e mulleres, teñan práctica feminista na política que desenvolvan día a día, que teñan como elemento fundamental poñerse na pel de tantas mulleres deste país que, polo que se ve, non poden aspirar nin exercer na vida política, son as outras, as invisibles, aquelas que tamén citaba eu antes na promesa, María Miramontes, Elvira Bao, outras que poderíamos citar, Teresiña Vilar Chao, persoas que ás veces parecen que son coidadoras da memoria dunha época, mais non o son, son realmente protagonistas, e temos que camiñar cara aí. Por iso pido xustamente unha implicación neste aspecto, porque si xulgo que é unha debilidade, e como nada do humano nos pode ser alleo, pídvos esa colaboración desde o Bloque Nacionalista Galego, esa colaboración de diálogo, de diálogo constante, que en nós vai ser absolutamente total desde o primeiro día até o último en que esteamos aquí a traballar desde a Deputación cun equipo ao que, como hoxe aquí se referendou, queremos e imos conseguir sumar persoas, ideas, grupos e forzas políticas, todas na mesma idea. Queremos construír outra arquitectura institucional do noso país, do futuro, unha arquitectura institucional acorde co século vinte e un no que vivimos. Grazas.

Sr. Sacristán de Diego

Sr. Presidente, Sres. deputados e deputadas, cidadáns, acabamos de constituír a Deputación Provincial da Coruña cun goberno que se conforma con base nun pacto entre dous partidos políticos, PSdeG-PSOE e BNG, e co apoio doutras forzas políticas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, que coinciden substancialmente cos principios nos que se basea o pacto de goberno suscrito, respondendo así á vontade popular manifestada polos cidadáns da provincia nas eleccións do día 24 de maio.

Quero, en primeiro lugar, Sr. Presidente, felicitalo pola súa elección, desexándolle toda clase de éxitos na súa xestión porque dela poderán beneficiarse todos os cidadáns da provincia. Desexo agradecer, igualmente, dende o Grupo Socialista o apoio prestado no día de hoxe aos grupos políticos Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, esperando non defraudalos na súa aposta por este goberno. Somos conscientes que este día posiblemente non é o día máis axeitado para falar en profundidade do pacto suscrito, non obstante permítanme referirme a el brevemente para indicarlles que estamos contentos e satisfeitos do resultado acadado.

Cremos que en moitos aspectos esta institución vai cambiar para ben, cun mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais con que conta a Deputación, devolvendo o protagonismo aos concellos, colaborando para a

consecución duns servizos básicos e homoxéneos en todos eles, aplicando criterios obxectivos no achegamento dos recursos. A eliminación dos gastos impropios, superfluos, de custo da Corporación, achegará máis recursos para a execución das políticas propias da Deputación, como corrixir os desequilibrios territoriais.

Somos conscientes de que a execución dalgúns obxectivos son retos importantes e difíciles de acadar, xa que non dependen exclusivamente deste Goberno, senón doutros, cos que manteremos un diálogo claro e franco, e aínda que non academos algúns, marcarán a tendencia futura no devir das deputacións.

Asumimos o compromiso de diálogo permanente con todos os grupos deste Pleno para conseguir o máximo acordo nos asuntos que esta Deputación promova, recibimos unha Deputación saneada, grazas ao esforzo das corporacións anteriores, e faremos todos os esforzos necesarios para continuar nesta senda.

Por último, Sr. Presidente, gustárame felicitar os deputados e deputadas electas, desexando que o diálogo, o respecto e o acerto, nos acompañen.

Sr. Calvo Pouso

Bos días, moitas grazas, Sr. Presidente, quero empezar desexándolle toda a sorte do mundo neste novo mandato, que pode contar, como xa lle teño dito, co apoio deste grupo da Cámara, deste Grupo Popular, cando así o poidamos concibir e o poidamos pactar entre ambos os dous Grupos.

Quero felicitar tamén a todos os novos deputados e deputadas que hoxe tomaron posesión, crean ou non nesta institución. Probablemente a crenza nesta institución vén motivada pola falta de coñecemento dela, igual que veñen motivadas moitas das declaracións que estes días tivemos que escoitar de distintos responsables políticos e distintas persoas que hoxe están aquí representadas. Probablemente o descoñecemento desta institución, o descoñecemento do traballo feito, non só no mandato anterior, senón tamén nos mandatos anteriores, sexa unha lousa que algún non puido sacarse e lévalle a facer declaracións equivocadas.

Vai poder contar con este Grupo, Sr. Presidente, sempre que siga nos camiños que estivemos a percorrer nos últimos catro anos, nós nestes últimos catro anos que tivemos a oportunidade de estar dirixindo esta Deputación, fixemos unha aposta sen precedentes polos concellos desta provincia. Fixemos unha aposta porque dedicamos no peor momento económico que tiñamos, coas restricións que viñan impostas polo Ministerio de Economía e Facenda para todos os concellos, máis fondos que nunca aos concellos desta provincia. Dedicamos preto de 300 millóns de euros, algo inaudito nesta Deputación, e fixémoslo máis do sesenta e pico por cento a través de plans obxectivos. Isto pode levar a que algún non sabia realmente cal é a importancia disto, pero se o comparamos con outras deputacións onde o seu Grupo tivo a oportunidade de gobernar ata hai uns días, a última lexislatura, xunto co Bloque Nacionalista Galego, non ten comparación, o POS desta deputación son 24 millóns de euros, o POS da Deputación de Lugo son 800.000 euros. Nesta Deputación durante catro anos estivemos axudando máis que nunca aos concellos e, sobre todo, crendo na maioría de idade dos concellos porque por primeira vez demos a máis ampla marxe para que fosen as propias corporacións as que decidiran en que investían os

seus ingresos que viñan da deputación, porque son as propias corporacións as que coñecen mellor que ninguén cales son as necesidades de cada concello, na deputación non as coñecemos todas, e ninguén pode establecelo mellor que cada Corporación, ninguén pode establecelo mellor que cada alcalde de cada concello. Nese camiño, nos preto de 300 millóns de euros que lles demos aos concellos, foi unha aposta sen precedentes, que espero que vostede poida mellorar, que espero que vostede siga percorrendo, e nese camiño vai contar sempre co apoio deste Grupo.

Fixemos unha aposta importante por adelgazar a administración, é verdade, fixemos algunha transferencia a outras administracións e gustaríanos ter feitas máis, e se vostedes seguen ese camiño poderémonos sentar a dialogar. Fixemos a transferencia dunha estrada provincial á Xunta de Galicia, estaba naquel momento o conselleiro Agustín como titular da Consellería, porque era unha demanda de toda esa comarca, e gustaríanos ter feito máis, e desde logo se vostede avanza nese camiño vai poder contar con nós, e fixemos unha transferencia na que se levaba traballando desde había moitísimos anos nesta Corporación, pola que pasaron distintos presidentes de distintas cores políticas, na que gobernaron no Concello de Arteixo distintos partidos, e nunca se conseguiu trasladar a titularidade do Polígono de Sabón, que dicía o representante de Alternativa dos Veciños na que se abundara había trinta anos, pois ben, na lexislatura pasada por fin puxemos sentido a esa transferencia a ese concello, pero non de calquera xeito, prexudicando os veciños de Arteixo, non, fixémoslo ademais cunha dotación económica que quedou perfectamente comprometida, solucionando ademais un problema de abastecemento que tiña o Concello de Arteixo.

Polo tanto, nas transferencias de cara a outras administracións vai contar co apoio deste Grupo, sempre e cando poidamos falar, poidamos seguir avanzando nese camiño, nós comprometémonos a seguir facendo, e evidentemente quedan cousas por facer nas que vai poder contar con nós.

Adiantámonos á normativa desde o punto de vista da colaboración, e ímolo poder seguir facendo, se vostede o propón. Conseguiuse nesta provincia que se fixera a única fusión entre dous concellos nos últimos corenta anos, é certo que hai xente que di que é insuficiente e que despois desas non veñen máis, levábamos corenta anos sen ningunha, o fundamental foi que se demostrou que se podía facer, que se demostrou que administrativamente era posible e se podía levar a cabo, e agora a xustiza estanos dando a razón en distintos procesos e recursos que houbo, e ademais demostrouse hai escasos días nas últimas eleccións municipais, que o pobo deses concellos estivo de acordo con esa decisión. Evidentemente é unha gota no océano, pero así se comezan a escribir os camiños, así se demostra que se poden facer, e desde logo desde a Deputación nós apoiaremos calquera iniciativa encamiñada nese sentido e todos os que eran membros da anterior Corporación, algúns repetimos, saben que nese camiño sempre nos van poder atopar.

E fixemos tamén colaboración entre concellos, colaboracións nas que non é necesario crear nin unha nova administración, nin ter gastos, senón que se trata de comunidades intermunicipais, e xa viron os primeiros froitos, a min gustaríame que este novo goberno seguira ese camiño, mellorando, sen dúbida, todo o que poidan vostedes mellorar do que existía, van poder contar co apoio deste Grupo, pero desde

logo anímoos a que exploren eses camiños, a que exploren esas iniciativas que comezamos porque, desde logo, é unha boa iniciativa.

E falan da transparencia e do diálogo. Miren vostedes, nesta deputación, a min gustaríame que as seguintes corporacións, esta que iniciamos agora ou as que poidan vir de cara ao futuro, acadasen o nivel de consenso que se acadou na última Corporación. No último mandato trouxemos a esta sala para debater 1.637 puntos, como saberá vostede tamén no futuro, sabe que aquí se votan todos os puntos, expresa a oposición a opinión de todos e cada un dos puntos e ademais vótanse, pois ben, de 1.637 puntos acadamos a unanimidade en 1.458, é dicir, no noventa por cento dos puntos contamos co voto a favor do Bloque Nacionalista Galego e co voto a favor do Partido Socialista. Non creo, e dígoo sen datos, recoñezoo, pero non creo, e estou disposto desde logo a pedir desculpas se non é así, que haxa moitas administracións que acaden un nivel de consenso como se acadou nesta deputación, non o creo, en catro anos o Bloque Nacionalista Galego votou non en 52 puntos, e o Partido Socialista en 22, de 1.637, creo que non é unha mala cifra, é máis, atrévome a dicir que é unha cifra espectacular. A min gustaríame seguir neste camiño de acordo, neste camiño no que se traen aos Plenos todos os puntos, no que loxicamente se falou antes, e no que acadamos un diálogo e unha transparencia importante, pero repito, como en todos os anteriores puntos, nós estamos dispostos a que se mellore e sempre que avancemos nese camiño vai poder contar con este Grupo.

E fixemos moitas cousas que espero que se poida seguir mantendo ou mellorando, desde logo introducimos unha axilidade que segue sendo fundamental mellorar, pero desde logo hoxe xa falamos dunha presentación telemática que aforra ata catro meses de tramitación nos expedientes, ou os plans de conservación das estradas que se aproban en xaneiro, algo nunca visto durante toda a historia da Deputación, ou unha reestruturación, moitas veces criticada, pero non contou en contra con ningún voto de ningún sindicato con representación, o cal comprenderán vostedes que é un aval importante. E todo iso fixémolo nun contexto complicado, que nós estamos dispostos a axudar naqueles puntos que así o poidamos pactar, nun contexto no que acadamos un fito e fomos a primeira deputación en ter unha débeda cero de todo o Estado, a primeira, pero esa débeda ademais non a fixemos, digamos que acabando cos créditos, devolvendo eses créditos pendentes, fixémolo acadando un acordo coa entidade que tiña eses créditos, que despois se levou a outras deputacións, e alégrome de que se copiara nas outras provincias, e eses fondos que nós amortizamos anticipadamente acadamos o compromiso coa entidade bancaria de que os tiña que prestar a tipos de xuro preferenciais, pero á xente que o necesitaba de verdade, a pequenas empresas, non a grandes conglomerados empresariais que teñen outras liñas distintas para poder financiarse. E a día de hoxe, a día de hoxe, hai máis de 2.109 créditos concedidos que mobilizaron sesenta millóns de euros, e o importe medio dos créditos foi de 45.000 euros, son os créditos para o pequeno comercio, son os créditos para o autónomo, son os créditos para aqueles que poden axudar a recuperar a economía, e que máis o necesitan, e menos recursos tiñan ou menos axuda tiñan nestes momentos.

Polo tanto, nese camiño, nese camiño que empezamos a recorrer hai catro anos, nesa maior axilidade, nesa transformación, como vostedes están a dicir da deputación, podemos encontrar moitos puntos en común. Nós animámoslos a que non

teñan dúbida de poder falar con nós, e sempre que sexa nese camiño van poder contar co apoio deste Grupo.

É certo que ten vostede por diante unha tarefa complicada, gobernar cun Grupo que quere facer desaparecer a deputación, ao mesmo tempo que o presidente quere facela máis visible para os cidadáns, é difícil, antóllaseme que bastante complicado, pero nese camiño vai poder contar, seguro, nestas cousas que lle dixen, con este Grupo. Deséxolle, de verdade, toda a sorte do mundo, porque a sorte do presidente da deputación é a sorte da deputación e, en consecuencia, dos 93 concellos desta provincia, e tanto a vostede como ao resto dos deputados que estamos aquí. Espero poder acadar con vostede moito consenso nestes catro anos que nos esperan por diante. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Darles as grazas pola súa intervención a todos os grupos da Corporación provincial, en calquera caso ao expresidente, a Diego Calvo, pedirlle algo de autocrítica, podía ter amañado o aire acondicionado, como dicía Gelo.

Señoras e señores deputados, autoridades, funcionarios e traballadores da deputación, representantes dos medios de comunicación, queridos amigos. Bos días a todos e moitas grazas por acompañarnos esta mañá.

Permitídemme que comece a miña intervención cun breve pero inescusable capítulo de agradecementos.

En primeiro lugar ás nosas familias, as de todos os que asumimos responsabilidades políticas, polo seu apoio constante e pola súa xenerosidade, a pesar dos incontables momentos de ausencia que as nosas dedicacións e vocacións públicas lles supoñen.

Grazas tamén aos meus veciños e veciñas das Pontes por ter confiado en min durante todos estes anos para ser o seu alcalde. Non defraudarei esa confianza e compatibilizarei o cargo de presidente da deputación coa alcaldía porque así me comprometí con eles. Sei que esta decisión esixirá maior dedicación e esforzo pola miña parte, pero estou disposto a asumilo con ilusión e entrega e coa vontade de desempeñar ambas as dúas responsabilidades o mellor que poida e saiba.

Quero agradecer tamén a confianza depositada en min pola dirección do PSOE, do PSdeG, e polos deputados do Grupo Provincial Socialista ao propor a miña designación como candidato á presidencia da Deputación da Coruña, así como o apoio nesta sesión de investidura dos grupos que así o acaban de expresar, para favorecer unha oportunidade, a dun proxecto progresista para a provincia, seguindo a vontade de cambio expresada democraticamente nas últimas eleccións, que leva implícitas esixencias que debemos ter moi presentes durante todo o mandato que hoxe comeza: eficiencia, proximidade aos problemas reais da cidadanía, diálogo coa sociedade civil, coas entidades que representan de verdade á cidadanía máis próxima, como son os concellos, e —por suposto— diálogo entre as forzas políticas nesta Corporación representadas.

Corporación plural e diversa que vimos de constituír, tal e como decidiu a cidadanía coruñesa o pasado 24 de maio, elixindo os seus alcaldes, alcaldesas e concelleiros nos 93 concellos da provincia. Unha Corporación sen maiorías absolutas, na que están representadas seis forzas políticas, con diferentes ideas e sensibilidades, o que esixirá dos seus membros espírito construtivo, diálogo, entendemento e altura de miras a prol do ben común, no que todos coincidimos

Comprometémonos a liderar un goberno provincial que escoite con respecto a todo o mundo, porque estou convencido de que esta actitude aberta é imprescindible — hoxe máis que nunca— para a adecuada xestión dos asuntos públicos. Por iso reiterarei as veces que sexa necesario esta posición de man tendida, de disposición permanente para atopar o consenso e o acordo, como se fixo sempre nesta deputación, e sempre con bos resultados.

Este será o noso estilo de gobernar, e por iso pedirei tamén reciprocidade nesta actitude por parte dos diferentes grupos políticos aquí representados.

Señoras e señores deputados, son consciente de que, cada certo tempo, está sobre a mesa un debate principal sobre a propia existencia das deputacións. O debate sobre a estrutura e a organización territorial do Estado debe abordarse con serenidade e calma nas instancias que correspondan, reformando o que sexa preciso na procura dunha administración máis áxil e eficiente ao servizo dos cidadáns. É unha cuestión que debe levarse a cabo co máximo consenso, non impondo unilateralmente modelos de reforma local que recorten ostensiblemente a autonomía municipal, porque os cambios substanciais nas institucións que nos representan a todos e nas súas competencias non deben estar guiadas pola visión curtopracista do oportunismo político, senón que deben ter vocación de estabilidade e permanencia no tempo. E para iso deben ser froito do consenso. A existencia das deputacións está regulada no artigo 141 da Constitución española e, polo tanto, mentres o noso ordenamento xurídico as contemple, o noso deber é prestixialas, facéndoas administracións modernas e, eficientes, transparentes, resolutivas e, sobre todo, útiles aos cidadáns.

Vivimos na provincia máis urbana e con máis poboación de Galicia, con preto de 1.150.000 habitantes, pero aínda así o 77% dos concellos coruñeses teñen menos de 10.000 veciños. Nun escenario como este, contar cunha administración de apoio aos municipios que garanta a prestación de servizos básicos aos cidadáns é unha ferramenta poderosa para contribuír á igualdade efectiva dos cidadáns da Coruña, independentemente da dimensión poboacional ou da capacidade financeira do concello onde residan.

Entendo que non debemos ver a deputación como algo distinto e alleo aos concellos, senón como os propios concellos traballando xuntos, colaborando solidariamente, para levar á práctica o vello axioma: “A unión fai a forza”.

Todas as deputadas e deputados que formamos parte da Corporación provincial que acabamos de constituír somos alcaldes ou concelleiros dos nosos pobos e cidades. Como tales, todos queremos e procuramos os mellores servizos, infraestruturas e actividades para as nosas vilas e para os nosos veciños. Pero pídovos dende o primeiro día que, cando sentemos nestes escanos, ampliemos esa

visión estritamente local e levemos as nosas miras ao eido provincial que aquí representamos. Que pensemos e actuemos globalmente, obxectivamente, estratexicamente e solidariamente... sendo conscientes de que, facéndoo así, o todo provincial será máis que a suma dos 93 municipios que o integran. Esta é a visión que teño do goberno provincial.

Sei que requirirá de certos cambios na dinámica de funcionamento da deputación e de importantes doses de solidariedade entre os concellos para levala á práctica. Pero creo que se deixamos de mirar o mapa pola cor política de cada municipio, se remamos xuntos na mesma dirección, se cooperamos máis cos concellos que máis o necesitan, se potenciamos as nosas fortalezas e paliamos as nosas debilidades como provincia, ao final deste mandato todos sairemos gañando.

Neste sentido, quero anunciarlles a nosa intención de mellorar a cooperación e a colaboración intermunicipal creando neste mandato unha Mesa de Diálogo cos Concellos para recoller as propostas e suxestións para a planificación dos diversos plans de investimentos, así mesmo promoveremos como órgano consultivo un Consello Provincial de Alcaldes e Alcaldesas, foro onde intercambiar experiencias na xestión municipal dos 93 concellos da Coruña, dende a convicción de que as mellores prácticas deben ser postas en valor.

Ademais da creación deste novo órgano, algúns dos principais obxectivos do goberno provincial para os vindeiros catro anos terán como prioridade:

- Seguir cooperando con todos os concellos e apoialos nos seus ámbitos competenciais de actuación, atendendo especialmente aos municipios con menor poboación e menor capacidade económica ou de xestión. Somos conscientes das dificultades técnicas e económicas que afrontan a diario moitos destes pequenos municipios da provincia, singularmente no ámbito rural, e das súas dificultades para garantir a prestación de servizos públicos básicos. Por iso a Deputación da Coruña estará ao seu carón para axudalos e garantir así a igualdade de oportunidades de todos os cidadáns da Coruña, independentemente do concello onde vivan.

- Promoveremos e coordinaremos o desenvolvemento de novos programas e accións de carácter intermunicipal que favorezan a colaboración e o traballo en rede e permitan aproveitar as singularidades e sinerxías comarcais en materias como os servizos sociais, o turismo, a cultura, ou as accións de promoción económica, co obxectivo de substituír competición por colaboración nas relacións entre os concellos.

- Seguiremos tamén desenvolvendo plans provinciais de apoio e cooperación cos municipios como os que se veñen facendo na deputación, con gobernos de diferente signo político, dende o inicio da crise en 2008 e que demostraron ser ferramentas de grande utilidade para manter os servizos e actividades dos concellos coruñeses durante todos estes anos de dificultade económica, aplicando criterios obxectivos para o reparto equilibrado dos fondos, como os empregados durante os últimos 25 anos para o POS, evitando así o prexuízo aos concellos pequenos e medianos, que son ou deberían ser os principais destinatarios das accións da Deputación.

- Faremos unha organización política sinxela pero eficaz, que daremos a coñecer nuns días. Unha vez que analicemos a realidade administrativa desta institución,

elaboraremos un plan para reducir o gasto corrente e de funcionamento, os gastos de representación, e para mellorar a coordinación entre administracións e eliminar as duplicidades que aínda existan na xestión pública. Se, como dixen antes, entendemos que concellos e deputación son a mesma cousa e non entidades diferentes, non podemos permitírnos pagar dúas veces polo mesmo servizo. Neste sentido, impulsaremos tamén reunións coa Xunta de Galicia que nos permitan chegar a acordos de delimitación competencial de cada administración e optimizar en todo o posible a asignación de recursos.

- Traballaremos tamén dende o maior compromiso cunha das bandeiras desta institución: a transparencia na xestión.

- Por suposto, blindaremos o investimento social, co compromiso de que o orzamento que destinamos a esta área non será nunca inferior ao do ano anterior, e priorizaremos as accións que contribúan á creación de emprego e ao desenvolvemento económico da provincia.

- Queremos implicarnos tamén dende a provincia no que segue a ser o principal problema para os cidadáns, un problema que hoxe sofren directamente os 90.200 coruñeses e coruñesas que engrosan as listas do paro, aínda que o fomento do emprego non entra estritamente no ámbito competencial da deputación. Por iso, ademais de manter os programas e accións que xa desenvolve a deputación nesta área, desenvolveremos accións para coordinar mellor as diferentes accións de formación e fomento do emprego e apoio a emprendedores. Queremos que os sectores produtivos, dentro das limitacións competenciais que temos, sintan a implicación e apoio desta institución provincial, que debe fomentar as potencialidades de ditos sectores e da nosa provincia.

Comezamos hoxe unha nova etapa na Deputación da Coruña. Supón para min un gran honor e unha gran responsabilidade presidir o goberno provincial nun mandato que estou seguro que se caracterizará pola máxima colaboración e entendemento entre todos.

Tamén cos funcionarios e funcionarias desta casa. Sei que sodes un equipo humano experimentado, cualificado e eficaz, e quero — dende o primeiro minuto— pedir a vosa confianza e colaboración para traballar xuntos por unha deputación mellor, da que todos nos sintamos orgullosos. Ninguén mellor que vós coñece o que se pode cambiar en cada área, en cada sección e departamento, para mellorar a xestión. Por iso, as portas do meu despacho estarán sempre abertas para escoitar as vosas ideas e suxestións.

Señoras e señores deputados, remato xa. Ao longo da historia, todo progreso partiu sempre do espírito crítico, da ambición de mellorar ou cambiar o establecido; pero non hai progreso sen esforzo. Nesta vella institución que enfrenta novos retos, emprázovos a que traballemos todos xuntos para superalos. Pola miña banda, comprométome a traballar para que a deputación sexa eficaz na xestión, útil e ao servizo de todos os concellos e cidadáns coruñeses neste novo tempo político. Para que sexa o motor económico que impulse o desenvolvemento da provincia e continúe garantindo a igualdade de oportunidades dos coruñeses no acceso aos servizos públicos independentemente do lugar no que vivan. Comprometémonos a traballar

para que todos e cada un dos 93 concellos desta provincia se sintan non só representados senón parte activa e fundamental da Deputación da Coruña. Moitas grazas.

Finalizada esta intervención, dáse por terminado o acto ás trece horas e trinta e cinco minutos, redáctase a presente acta, e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.